



MONTERREI

Número 29

Boletín de información e actualidade municipal

Inverno 2019

www.monterrei.es

Monterrei "CONCELLO EMPREENDEDOR" un recoñecemento da Xunta de Galicia e da FEGAMP



Balneario de Requeixo



Escenario máximo



Museo da Imprenta

A Deputación Provincial de Ourense, Augas de Fontenova e o Concello de Monterrei colaboran na restauración e acondicionamento do antigo balneario de Requeixo para potenciar o turismo termal na comarca.

O Castelo acolleu o concerto de Carlos Núñez e diferentes actividades organizadas polo Concello de Monterrei, convertíndose nun centro de dinamización cultural e turística de toda a comarca.

Monterrei contará cun Centro de interpretación da imprenta incunable de Galicia, en convenio coa Deputación, proxecto que pretende poñer en valor a historia do concello no que se imprimiu o primeiro libro de Galicia.

Deputación, Fontenova e Concello de Monterrei recuperarán o balneario de Requeixo para potenciar o turismo termal

O alcalde de Monterrei, José Luis Suárez, asinou no Pazo Provincial co presidente da Deputación, Manuel Baltar, e co propietario de Auga de Fontenova, José de Sousa, un convenio para a cesión gratuita da contorna do balneario e das súas instalacións, que permitirá acometer obras de mellora co obxectivo de promover o turismo termal. "Este é un dos obxectivos de futuro do Concello de Monterrei -asegurou Suárez Martínez-, para o que contamos tamén co compromiso de apoio por parte da Deputación de Ourense".



A cesión temporal gratuíta das instalacións termais de Requeixo e a súa contorna permitirá a recuperación e rehabilitación deste ámbito natural e a promoción da auga mineiro-medicinal do seu manancial. No marco deste convenio levaranse a cabo traballos de limpeza, estabilización e conservación dos edificios, así como o mantemento e sustentabilidade do seu contorno. Tamén se realizarán labores de limpeza e recuperación do manancial de augas mineiro-medicinais, e a recuperación do antigo quiosco de agüistas.

Estas actuacións teñen o obxectivo de poder realizar actividades centradas na promoción turística do agüismo, tales como cata de augas, dispensación da auga mineral natural directamente do manancial, información, formación, visitas turísticas, formación, remodelación, reforma e adaptación de espazos, así como actividades de ocio. "A finalidade é recuperar para os veciños e visitantes un espazo emblemático fundamental do patrimonio de Monterrei", afirmou Manuel Baltar. ■

Servizos Sociais Comunitarios

O Servizo de Axuda no Fogar dedica máis 18 mil horas/ano á atención a persoas dependentes e necesitadas

O programa de Axuda no Fogar (SAF) atendeu durante o ano 2018 a unha media de 61 veciños e veciñas. Houbo 42 beneficiarios de SAF Dependencia, sendo os outros 18 de SAF na modalidade de Libre Concurrency. En 2018 ampliouse a cobertura con máis horas de servizo para satisfacer as peticións dos usuarios e novos demandantes. A Xunta de Galicia concedeu no mes de setembro un incremento de 1.236

horas anuais, acadando un total de 18.720 horas dispoñibles. O financiamento realízase coas aportacións da Xunta de Galicia, que cubren máis do 80%, do propio Concello de Monterrei e dos beneficiarios, de acordo cos baremos estipulados en función das súas rendas familiares. O programa de teleasistencia conta con 23 usuarios (14 no servizo subvencionado pola Deputación, e 9 no da Xunta de Galicia).



O Concello de Monterrei asinou un convenio coa Consellería de Política Social para construír o Punto de Atención ao Maior. O proxecto prevé edificar nunha parcela cedida pola Comunidade de Montes de Albarellos. A Xunta de Galicia aportará 200.000 euros.

Monterrei contará cun Centro de Interpretación da Imprenta Incunable de Galicia

O presidente da Deputación, Manuel Baltar, participou na presentación no antigo Hospital da Trindade do proxecto que pretende poñer en valor a historia de Monterrei, onde se imprimiu o primeiro libro en Gali-

cia, o *Missale Auriense*, no ano 1494. Os visitantes poderán contemplar unha réplica do libro orixinal e partituras con música medieval, e dunha imprenta Gutenberg do século XV.



Monterrei contará no Castelo cun Centro de Interpretación da Imprenta Incunable de Galicia para "poñer en valor un feito histórico como foi que o primeiro libro impreso en Galicia fora impreso en Monterrei, por Gonzalo Rodrigo de la Passera e Xohán de Porres, o 3 de febreiro de 1494, o *Missale Auriense*", explicou o presidente da Deputación de Ourense, Manuel Baltar, na presentación deste proxecto, no antigo hospital da Trindade, acompañado polo alcalde, José Luís Suárez, e pola historiadora Mónica Rocha.

Este proxecto, que pretende dar visibilidade a un feito histórico, "será un espazo expositivo de referencia que conmemora ese fito, o primeiro libro impreso en Galicia logo da invención da imprenta e que volve a poñer en valor a importancia de Ourense", engadiu o presidente do goberno provincial.

O Centro de interpretación da imprenta incunable de Galicia dará a coñecer "a importancia cultural que no seu tempo tivo a vila de Monterrei e, en particular, a súa condición de sede da primeira imprenta de Galicia", na opinión de José Luís Suárez.



Manuel Baltar: "Servirá para poñer en valor en Monterrei un feito importante da historia de Galicia"

O presidente da Deputación de Ourense destacou o apoio do goberno provincial a prol de "cuestións que nos son propias e, sobre todo, vencelladas ao mundo da cultura. Por elo, da man do concello de Monterrei e coordinado pola Deputación de Ourense poñeremos en marcha un Centro de Interpretación, unha exposición, onde todos aqueles visitantes que se acheguen a Monterrei teñan a posibilidade de ver en paneis explicativos a historia da imprenta en Monterrei e do *Missale Auriense*, un espazo onde poderán contemplar tamén a reprodución dunha imprenta Gutenberg, xunto cunha réplica do libro e con música das partituras deste libro", explicou Manuel Baltar.

O Concello continúa con iniciativas nos pobos para mellorar a calidade de vida das persoas

Os planos de obras do Concello en 2018 tiveron como obxectivo avanzar na dotación de novas infraestruturas e de mellorar as existentes. Houbo actuacións para renovar as capas de rodadura en estradas, pistas e camiños, pero tamén en centros sociais, recuperación de elementos etnográficos, espazos públicos, infraestruturas hidráulicas e no alumeadado.

PROXECTO DE HUMANIZACIÓN DE RÚAS EN MEDEIROS

Un proxecto de humanización en Medeiros levou ao Concello de Monterrei a xestionar a renovación do pavimento na rúa Leiras, onde tamén se realizaron traballos para mellorar as redes hidráulicas. O piso é agora de estilo rústico, con protagonismo para o granito e a pedra, máis acorde coa tipoloxía tradicional dos nosos pobos. Estas obras corresponden ao Plan de Obras e Servizos da Deputación, financiadas con 81.850 euros (o Concello de Monterrei aportou 27.349,39 euros), nunha primeira fase. A segunda, na que tamén colaboraron a Deputación e o Concello, permitiu outro investimento adicional de 47.700 euros, financiados ao 50 por cento.

Tamén en Medeiros, na rúa do Torreón, acometeuse un proxecto de abastecemento e saneamento, por importe de 26.245,27 euros.

RENOVACIÓN DO PAVIMENTO NA RÚA CENTRAL DE ALBARELLOS

Realizouse a renovación da capa de rodadura, que estaba asfaltada, cun novo pavimento. Os adoquíns e a pedra configuran unha nova estética para o entorno da igrexa da capitalidade municipal. Supuxo un investimento para as arcas municipais de 39.186,28 euros.

OBRAS DE MELLORA NA RÚA E NO ENTORNO DA IGREXA DE VILAZA

A Axencia de Turismo de Galicia e o Concello participaron no proxecto de reforma e mellora do piso e de servizos na rúa da Igrexa de Vilaza. O proxecto contou cun orzamento de 32.262 euros. Tamén se levou a cabo a mellora do pavimento no entronque de dúas rúas: no cruce de Pazos e na estrada de Albarellos-Oímbra.

RECUPERACIÓN DO CAMIÑO DA CARIDADE A GUIMAREI

Traballouse na reparación do camiño, afectado pola maquinaria que traballou nas tarefas de extinción do incendio forestal entre A Caridade e Guimarei, en 2017.

Medeiros



O Concello continúa co proxecto de mellora de infraestruturas básicas e de adaptación dos pobos ás demandas dos veciños para facelos máis accesibles e cómodos, como é o caso de Medeiros.

Albarellos



En Albarellos realizouse a primeira fase de renovación da rúa Central, co empedrado do pavimento. Está previsto continuar os traballos nun próximo plan de obras municipal.



A través do Plan de Cooperación cos Concellos, a Deputación Provincial de Ourense participou en proxectos para mellorar obras e servizos en diferentes pobos de Monterrei.

A Caridade-Guimarei



A pista entre A Caridade e Guimarei quedou deteriorada pola maquinaria que participou na extinción do gran incendio de 2017. A Xunta e o Concello colaboraron para acondicionar esta vía.



MELLORA DOS ACCESOS AO CASTELO



A Dirección Xeral do Patrimonio Cultural (Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia) investiu 214.000 euros nno "Acondicionamento dos accesos ao Castelo-Fortaleza de Monterrei".

O Concello de Monterrei, pola súa parte, destinou 20.000 euros a traballos de limpeza, desbroces e conservación do entorno deste recinto histórico.

SINALIZACIÓN DA FORTALEZA

Outro proxecto de colaboración entre a Xunta de Galicia e o Concello de Monterrei materializouse na nova sinalización do Castelo-Fortaleza. Foi por medio cun convenio con Turismo de Galicia por importe de 39.700 euros (9.925 € corresponden á aportación que fixo o Concello de Monterrei).



CENTRO DE EXPOSICIÓN DE PRODUCTOS DA COMARCA



O edificio do antigo Hospital da Trindade da vila de Monterrei acolle o Centro de Exposición de Produtos Agroalimentarios da comarca. É posible grazas á colaboración da Dirección Xeral de Turismo, que aportou 19.904 euros para completar os traballos de acondicionamento e adaptación do local ao novo cometido. Neste Centro, os visitantes poden atopar unha ampla representación dos viños da Denominación de Orixe Monterrei e produtos artesanais e agropecuarios.

Foi por medio dunha subvención de Vicepresidencia da Xunta de Galicia e do propio Concello de Monterrei. En total, 29.939 euros, repartidos a partes iguais entre as dúas Administracións, a autonómica e a local.

COLABORACIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL EN VARIAS OBRAS

As brigadas de Obras da Deputación de Ourense participaron en varias obras de mellora da rede viaria en diferentes pobos do concello de Monterrei. Realizaron a renovación da capa de rodadura con regos asfálticos na estrada de A Salgueira-A Caridade. Ademais, acondicionáronse pistas e camiños de Vilaza, Estevesiños, Vences, A Pousa e Albarellos. O convenio para a mellora da rede viaria municipal foi de 59.991 euros.

NOVAS CAPTACIÓNS PARA MELLORAR O ABASTECIMENTO

A Deputación levou a cabo perforacións para pozos de barrena cos que mellorar as captacións de auga en Vilaza e Albarellos, e solucionar os problemas de subministración en períodos de secas prolongadas. O investimento foi de 40 mil euros en cada ún deles (80.000 en total). Tamén se realizaron obras de mellora do abastecemento en Mixós e Guimarei. Na Madalena fixéronse obras nunha captación para mellorar a calidade da auga.

RENOVACIÓN DE REDES HIDRÁULICAS EN VENCES

O Plan de Obras da Deputación de 2018 incluíu o proxecto de renovación e mellora da rede de abastecemento en Vences. Dos 95.400 euros que tivo de orzamento, o Concello de Monterrei aportou a metade e o resto, os propios veciños.

MELLORA DO ALUMEADO EN INFESTA, VENCES E VILAZA

Continúa o proceso de mellora da eficiencia enerxética e do alumeado público en todos os pobos do concello de Monterrei. Nos últimos meses levouse a cabo a renovación en Vences, grazas á colaboración entre a Xunta e o Concello. A través do INEGA (Instituto da Enerxía de Galicia), a Administración autonómica aportou 38.103 euros, e o Concello outros 21.433 euros para o proxecto de Vences (en total, 59.536 euros). En Infesta tamén se realizaron traballos de mellora do alumeado público por importe de 3.695,48 euros.

A mellora da iluminación en Vilaza contou co apoio da Deputación Provincial de Ourense, que concedeu unha subvención de 48.000 euros.

REPARACIÓN DE CAMIÑOS CO PLAN AGADER DA XUNTA DE GALICIA

Nos dous últimos anos investíronse máis de 110.000 euros na reparación de camiños en varios pobos do concello de Monterrei, a través da colaboración da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER). Consistiron na renovación da capa de rodadura nos accesos e rúas interiores, dentro do programa municipal de reforma das infraestruturas viarias.

Monterrei, recoñecido como "Concello Emprendedor" pola Xunta e a Federación Galega de Municipios e Provincias



José Luis Suárez, xunto ao conselleiro de Economía, a delegada da Xunta e varios alcaldes da provincia durante o acto de entrega do premio, en Santiago.

O alcalde, José Luis Suárez Martínez, recibiu do presidente da Xunta de Galicia, Alberto Núñez Feijóo, o diploma de "Concello Emprendedor", que reconece o esforzo realizado por Monterrei a prol do emprego e a dinamización da economía local. Neste acto, celebrado en Santiago de Compostela, Núñez Feijóo estivo acompañado polo conselleiro de Economía, Emprego e Industria, Francisco Conde, e o presidente da Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP), Alfredo García.

Feijóo salientou que ter esta distinción significa compartir coa Xunta a necesidade de levantar as barreiras ao investimento empresarial para estimular a actividade económica; e ser unha Administración consciente de que os trámites administrativos teñen que ser un garante e non unha encrucillada que retarde ou disuada o labor das empresas.



Máis servizos e mellores infraestruturas, no orzamento de 2019

As partidas destinadas a bens correntes e servizos, personal e investimentos reais acaparan o 90 por cento do orzamento municipal de Monterrei para o ano 2019, cifrado en máis de 2,3 millóns de euros. Nas partidas de gastos destacan as obras contempladas en infraestruturas e servizos municipais, o mesmo que as consignadas para gasto social no capítulo de "bens correntes e servizos".

Nos capítulos de ingresos, o máis importante, xa que supón o 54% do total, é o das transferencias correntes, coas asignacións procedentes das outras Administracións públicas. Outras cantidades significativas aparecen reflectidas nos capítulos de impostos directos, taxas e transferencia de capital. ■

GASTOS	2019/€	INGRESOS	2019/€
Gastos de persoal	933.172,55	Impostos directos	417.000,00
Bens correntes e servizos	628.488,00	Impostos indirectos	0,00
Gastos financeiros	1.000,00	Taxas e outros ingresos	228.300,00
Transferencias correntes	247.170,76	Transferencias correntes	1.293.383,78
Fondo de continxencia	7.000,00	Ingresos patrimoniais	160,00
Investimentos reais	577.445,27	Alleamento de investimentos	0,00
Activos financeiros	0,00	Transferencias de capital	455.432,40
Pasivos financeiros	0,00	Activos/pasivos financeiros	0,00
TOTAL GASTOS	2.394.276,18	TOTAL INGRESOS	2.394.276,18

José Luis Suárez Martínez,
alcalde:

“A mellora de servizos, recuperar o patrimonio, fomentar o emprego e reformar as infraestruturas son as liñas de progreso xa marcadas”

P.- Afrontando a fase final do actual mandato da Corporación Municipal de Monterrei, qué valoración fai destes catro últimos anos?

José Luis.- Neste tempo houbo obras e proxectos importantes para o presente e futuro de Monterrei, que calquera pode comprobar facilmente. Levamos a cabo proxectos do Plan Marco, en colaboración coa Xunta de Galicia, participamos en proxectos de reforestación e recuperación de zonas afectadas polos lumes, e tamén outras obras de mellora da rede viaria local. Neste eido, tamén a Deputación Provincial de Ourense tivo un papel destacado, a través dos Planes Provinciais de Obras, de planes adicionais e das brigadas da institución, que son importantes á hora d conservación das estradas, pistas e camiños do concello. Seguimos traballando para potenciar o Castelo, co proxecto do museo da imprenta, a mellora dos accesos, o centro de información como punto de exposición dos produtos locais e como escenario para grandes eventos culturais. Os Servizos Sociais tamén ocupan un lugar destacado no traballo da Corporación, o mesmo que o alumeado público, e, pensando no futuro, a recuperación do balneario de Requeixo e o Punto de Atención ao Maior son feitos por sí destacados como para pensar que se está traballando na dirección adecuada. Pero eso deben ser os veciños e veciñas os que o confirmen.

P.- Despois de case 4 anos como alcalde, cales pensa que son os retos aos que se enfrenta o concello de Monterrei?

José Luis.- Os concellos rurais teñen todos un problema grave, que é o da perda de poboación. A solución corresponde, sobre todo, ás Administracións central e autonómica, implicándose máis a través de subvencións para a rehabilitación de vivendas e máis axudas para os sectores agrícola e gandeiro. Estou convencido de que así algúns volverían ao rural e outros non se marcharían. O compromiso do Concello de Monterrei está claro e, pola nosa parte, non vai faltar ese apoio á xente con capacidade para desenvolver nosas iniciativas económicas e laborais.

P.- Cómo contempla o futuro do concello?

José Luis.- O futuro de Monterrei pasa polo turismo, en torno ao Castelo como centro de referencia patrimonial e histórico de toda a comarca, pero tamén polo sector vitivinícola, que atravesará un bo momento, polo que hai que aproveitar para consolidar a Denominación de Orixe. E non debemos descartar unha recuperación de cultivos e da gandería, como unha forma de loitar contra os incendios forestais e o desemprego, buscando fórmulas de interese para propietarios das terras e traballadores. Todo elo acompañado por unha boa calidade de servizos públicos e de infraestruturas acordes cos tempos que nos tocan vivir.



P.- A nivel municipal en Monterrei, qué destacaría como máis relevante do que nos deixou o ano 2018?

José Luis.- Neste ano recién rematado continuamos co programa de mellora da rede viaria local, prestando especial atención ás estradas e ás pistas agrícolas en zonas de produción vitivinícola e forestal. A nivel laboral, fixéronse varias contratacións para axudar a veciños desempregados e se constituíu un novo Obradoiro de Emprego. Tamén se ampliaron as horas de cobertura para os beneficiarios do Servizo de Axuda no Fogar.

P.- E qué agarda como alcalde para o novo ano?

José Luis.- Están aprobados proxectos importantes que se irán executando nos próximos meses, como a mellora da pavimentación en varias estradas e camiños municipais, a través dos Planes Provinciais de Obras e do Plan Marco da Xunta de Galicia. E queremos seguir apostando polas políticas de emprego, por potenciar os servizos sociais comunitarios e continuar cos planes de obras municipais, para o que contamos co inestimable apoio da Deputación de Ourense e da Xunta de Galicia. Tamén queremos avanzar nas concentracións parcelarias de Medeiros, A Madalena e San Cristobo, e iniciar os trámites para Sandín, A Caridade e A Salgueira. Está claro que se queremos asentar poboación temos que conservar e mellorar os servizos básicos e darlles oportunidades á xente nova, que debe ser o principal obxectivo de todos os concellos do interior de Galicia que loitan contra a despoboación.



A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Economía, Emprego e Industria, está a desenvolver o obradoiro de emprego Támeiga V, que comparten os concellos de Castrelo do Val, Cualedro, Oímbra, Vilardevós, Laza e Monterrei. A delegada territorial da Xunta en Ourense, Marisol Díaz Mouteira, visitou na praza Vilanova de Estevesiños esta iniciativa laboral na que 20 desempregados achegados dos concellos participantes contan cun contrato de formación e aprendizaxe durante nove meses para especializarse en fábricas de albanelería e instalación e mantemento de xardíns e zonas verdes. Para o seu desenvolvemento, o Goberno galego achega 288.807 euros

Un novo proxecto laboral facilita emprego e formación a 20 persoas da Mancomunidade

O Obradoiro "Támeiga IV" levou a cabo actuacións no local social de San Cristobo e nas áreas recreativas

Coa entrega de diplomas aos 20 alumnos e alumnas completouse o ciclo formativo e de emprego do Obradoiro "Támeiga IV", promovido pola Mancomunidade de Concellos de Verín e financiado pola Consellería de Economía da Xunta de Galicia con 280.000 euros.

Os alumnos participantes recibiron formación específica de colocación de pedra natural, actividades auxiliares en viveiros e xardinería e atención sociosanitaria a persoas no domicilio.

No caso concreto de Monterrei, os traballos consistiron no acondiciona-

mento do centro social de San Cristobo e de zonas recreativas de Vences, Albarellos, A Pousa, Infesta, Estevesiños e Vilaza.

Novo Obradoiro

O proxecto formativo da Mancomunidade continúa agora outros 9 meses máis a través do Obradoiro "Támeiga V". As actuacións previstas no noso municipio son o a reconstrución do muro perimetral da capela de San Sebastián e o acondicionamento de zonas verdes, parques infantís e áreas recreativas en varios pobos do concello.



Obradoiro de Emprego "Támeiga IV"

Convenio coa Deputación para mellorar o abastecemento de auga de Vilaza

O presidente da Deputación, Manuel Baltar, e o alcalde, José Luís Suárez, asinaron un convenio de colaboración entre as dúas institucións polo que a Deputación de Ourense destina 40.000 euros para a mellora do abastecemento de Vilaza. "Trátase dunha actuación necesaria e importante para o municipio de Monterrei, que foi demandada polo alcalde no seu momento e que, polo tanto, está recollida nos orzamentos deste ano 2019, aprobados na sesión plenaria do pasado mes de setembro, o que nos permite traballar coas nosas máximas: previsión, planificación e cooperación, para a mellora da calidade dos servizos que se prestan aos nosos veciños", explicou Baltar.



A conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Ángeles Vázquez, e o alcalde, José Luis Suárez Martínez, mantiveron unha xuntanza de traballo na que analizaron a colaboración para mellorar servizos no Castelo e a posibilidade de implantar un punto limpo móbil en Monterrei no marco da nova orde de axudas que convocará a Xunta en 2019 co fin de financiar este tipo de instalacións.



Monterrei é un dos concellos beneficiados polas axudas da Xunta para compensar os danos ocasionados polos incendios forestais do outono anterior. O Concello tivo que xustificar o perxuízo ocasionado e a superficie afectada na reunión que mantivo a directora xeral de Administración Local, Marta Fernández-Tapias, cos alcaldes dos concellos afectados, entre eles José Luis Suárez.



Mesa Comarcal contra a Violencia de Xénero

Monterrei, representado pola alcalde, José Luis Suárez, e a concelleira Rosa González, forma parte da "Mesa Comarcal contra a Violencia de Xénero", xunto a outros concellos da Mancomunidade, servizos de seguridade, sociais e de saúde, e outras entidades involucradas. Realiza campañas preventivas a través da información en centros escolares e con colectivos sensibles, coordinados polo CIM-Verin.

Abre en Albarellos a segunda Casa Niño do concello de Monterrei

Monterrei é un dos poucos concellos que conta con dúas casas niño. A primeira foi a de San Cristobo, rexentada por Sonia Rodríguez, e a segunda, a de Albarellos, iniciativa de Sandra Soriano (na imaxe). O Concello e a Consellería de Política Social da Xunta de Galicia colaboraron nestas iniciativas para axudar á conciliación laboral e familiar que conta con financiamento da Unión Europea a través dos Fondos FEADER Galicia 2014-2020. As Casas Niño acollen a nenos e nenas menores de 3 anos, con un máximo de cinco por coidador/a.



"Almorzos saudables" para os alumnos do CRA Vilaza e o CEIP de Medeiros

Dende o mes de outubro estase desenvolvendo o programa piloto "Almorzos saudables" na Casa da Cultura de Vilaza co alumnado procedente do Centro Rural Agrupado desta localidade. Aténdense a un total de 19 nenos e nenas en idades comprendidas entre os 3 e os 7 anos. Este programa levarase a cabo próximamente no CEIP de Medeiros co alumnado de Infantil e Primaria e está proxectado que a partir do vin-



deiro curso lectivo se execute tamén nas instalacións do Centro Rural Agrupado de Vences.

O obxectivo non é só conciliar a vida laboral e familiar,

senon fomentar o almorzo saudable na poboación infantil incidindo na súa importancia para manter uns hábitos de vida saudables. A encargada, Cindy Manso, fai fincapé tamén na hixiene coa práctica do cepillado de dentes despois do almorzo.

Os almorzos están compostos sempre de un lácteo, unha peza de froita ou zumo e un sólido que varía cada día (galletas, cereais, tostada de xamón york, pavo e queixo).



Cursos formativos do Grupo de Desenvolvemento Rural Monteval para potenciar o emprego

A conselleira do Medio Rural da Xunta de Galicia, Ángeles Vázquez, destacou en Monterrei que o Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) "foi pioneiro en apoiar o emprendemento no rural, coa particularidade de que os proxectos desenvólvense dende abaixo cara arriba". A conselleira salientou este enfoque e a importancia da medida Leader na apertura de dous cursos de dinamización dos técnicos e do emprendemento organizados polo Grupo de Desenvolvemento Rural (GDR) 9 - Monteval.

Estudo sociolóxico de voluntarios sobre os costumes e tradicións nos nosos pobos

A Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado entregou os diplomas aos 20 voluntarios que realizaron en Cualedro e Monterrei un proxecto de actividades de prospección, sistematización e procesado de información relativa aos contidos culturais, artísticos e tradicionais, mediante entrevistas con 300 veciños e veciñas. Ao remate, a directora de Xuventude da Xunta de Galicia presidiu, xunto aos alcaldes de Cualedro e Monterrei, a entrega de diplomas aos participantes no estudo de investigación.



Un monumento lembra a súa figura na Salgueira

O Concello de Monterrei recoñeceu a Ernesto Atanes como "Fillo Predilecto" a título póstumo



O secretario xeral de Emigración da Xunta, o vicepresidente da Deputación e o alcalde, José Luis Suárez, lembraron a figura e os méritos de Ernesto Atanes durante a homenaxe celebrada na Salgueira.



Sesión plenaria da Corporación e entrega posterior do título aos familiares de Ernesto Atanes.



O Concello de Monterrei aprobou por unanimidade en sesión plenaria celebrada o pasado 7 de xullo o recoñecemento como "Fillo Predilecto" de Ernesto Atanes Payo, falecido poucos meses antes. O alcalde, José Luis Suárez Martínez, entregoulle o título á irmá e sobriños de Ernesto, e presidiu un acto de homenaxe na praza da Salgueira que agora leva o seu nome. O secretario xeral da Emigración da Xunta de Galicia, Antonio Rodríguez Miranda, e o vicepresidente da Deputación, Rosendo Fernández, representaron a estas institucións e participaron no acto xunto á Corporación Municipal de Monte-

reiri, a familia de Ernesto e numerosos veciños e amigos.

Ernesto Atanes Payo foi un dos impulsores da fundación da adega Crego e Monaguillo que hoxe en día constitúe unha referencia da Denominación de Orixe Monterrei e recibiu a Medalla de Honor de la Emigración da Dirección General de Migraciones en 2014 de mans do seu responsable, o tamén ourensán Aurelio Miras Portugal. O *Father* faleceu o 4 de xullo de 2017 aos 74 anos de idade tras perder unha breve pero intensa batalla contra a enfermidade que finalmente lle arrebatou a vida.



A escultura de homenaxe a Ernesto Atanes que preside a praza da Salgueira é obra do escultor verinense Xosé Rivada e simboliza o apego a esta terra do ilustre e lembrado veciño e a súa relación co mundo do viño. Durante o acto desfilou a Real Banda de Gaitas da Deputación Provincial de Ourense que interpretou varias pezas musicais, para rematar co Himno Galego.



As fontes, lavadoiros, fornos e lagares foron, de sempre, elementos etnográficos identificativos dos nosos pobos e de gran valor sentimental para os seus habitantes. Acorde con esta sensibilidade, o Concello de

Monterrei promoveu a súa restauración. En Sandín, Infesta, Medeiros e Flariz temos exemplos recentes deste esforzo por manter viva a nosa historia e as nosas tradicións.

O Concello traballa na recuperación de elementos etnográficos e na mellora dos centros sociais

Restauración do forno de Sandín

O custe do proxecto foi de 38.399 euros, dos que 13.439 euros corresponden á aportación do Concello e o resto, da Axencia de Turismo de Galicia. Esta iniciativa beneficiouse dunha liña de axudas para o fomento de infraestruturas turísticas e de elementos etnográficos.



Sandín



Medeiros

LAGAR DE MEDEIROS

O Concello contou cunha brigada da Deputación para acometer a limpeza e acondicionamento dun antigo lagar en Medeiros. Atopouse ao eliminar un vertedeiro e procedeu-se, co asesoramento dun arqueólogo, á súa posta en valor como elemento etnográfico representativo deste pobo. A través do Plan de Cooperación fíxose, nunha primeira fase, a reconstrución dos muros e, durante 2019, está previsto construír unha cuberta de protección. O Concello financiou o custe dos materiais.

FORNO VECIÑAL DE INFESTA

O Concello de Monterrei colaborou coa Comunidade Veciñal de Infesta para a edificación dun forno veciñal. As obras, valoradas en 65.538 euros, foron acometidas ao 50% entre as dúas partes asinantes do convenio.



Infesta

MELLORA DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS

O investimento de 44.770 euros, aportados pola Deputación Provincial de Ourense, permitiu acometer diversas obras de mellora nas instalacións deportivas e recreativas do concello de Monterrei. Unha parte destinouse a realizar reformas no campo de fútbol municipal de Rozavales, e outra a reparar desperfectos nas piscinas municipais de Monterrei, en Albarellos, na que se realizan periódicamente tarefas de mantemento e conservación.



San Cristobo

CENTROS SOCIAIS DE SAN CRISTOBO E A MADALENA

O Concello de Monterrei segue a colaborar no mantemento e reparación de instalacións de uso veciñal. En 2018 incluíu as obras de acondicionamento do local de San Cristobo, dotadas con 16.533 euros. Na Madalena, ademais de acondicionar o porche, realizáronse melloras no acceso ao local social e construíuse un almacén.

Entrega de novo material para a Agrupación de Voluntarios de Protección Civil



O director xeral de Emerxencias e Protección Civil, Luis Menor, visitou a nosa comarca para facer entrega do novo material. A Agrupación compartida con Cualedro conta agora cunha esparcidora de sal, unha coitela quitaneves e un remolque de emerxencias.



Protección Civil de Cualedro-Monterrei dispón tamén dun desfibrilador, un aparello de reanimación cardiovascular. José Luis Suárez asistiu ao acto de entrega que lle fixo a delegada da Xunta, Marisol Díaz Mouteira.

O CASTELO, TAMÉN UN GRAN RECINTO MUSICAL



Actuación de Carlos Núñez

Carlos Núñez, "o máis internacional dos gaiteros galegos", chegou ao escenario do Castelo de Monterrei da man da Deputación, dentro da xira "Lugares máxicos". O recinto completou o aforo e máis de 400 persoas poideron asistir e disfrutar dun concerto de primeiro nivel. Carlos Núñez manifestou que esta xira "é un acto de amor polo país" e remarcou a importancia da música tradicional como "chave para darlle vida á historia e as músicas medievais".

O Castelo acolleu tamén a XXXIII Xuntanza Internacional de Gaiteros, que reuniu a músicos e grupos de Monterrei, da comarca e de lugares tan lonxanos como Asturias, Escocia, Irán, India e Xapón. Este evento contou tamén co apoio da Deputación (na imaxe da esquerda, durante o acto de presentación).



A Xuntanza dos Maiores

Unha homenaxe a todas as persoas que contribuíron ao desenvolvemento do concello de Monterrei

O Primeiro de Maio, Día do Traballador, é unha data especial en Monterrei. Dende hai 12 anos celébrase a Xuntanza dos Maiores, unha iniciativa do anterior alcalde, José Luis Suárez Conde, que quere rendir homenaxe a todas as persoas que dalgunha maneira

contribuíron ao seu progreso persoal e das súas familias e, ao mesmo tempo, ao desenvolvemento do concello de Monterrei. Na edición de 2018 (nas imaxes) reuníronse máis de 600 persoas na carpa instalada no recinto do Castelo.



Concello deportivo



Máis de 200 atletas participaron na 5ª Carreira Popular "Monterrei é 10", proba oficial da Federación Galega de Atletismo. Houbo cinco carreiras, por idades: os máis pequenos, sobre 200 metros; e a absoluta, sobre 10.000. O corredor ourensán Rubén Diz foi o gañador da proba longa.

X Marcha BTT Monterrei



5ª Andaina VIÑO DE MONTERREI



A Deputación Provincial de Ourense colaborou co Concello de Monterrei na organización da Carreira Popular, da Andaina "Viños de Monterrei" e a Marcha BTT, que contaron cunha notable participación, con deportistas e afeccionados de toda Galicia e do Norte de Portugal, sobre todo na proba ciclista. Estes eventos serven para promocionar costumes de vida saudables e, ao mesmo tempo, promocionar de cara ao exterior a riqueza monumental, paisaxística e medioambiental que atesoura o noso municipio. Despois de varias edicións, son eventos xa plenamente consolidados, cun papel destacado dos integrantes da Agrupación de Voluntarios de Protección Civil e da Cruz Vermella.

Disfrutando do Nadal e dos Reis



Unha concurrída Cabalgata de Reis foi o momento culminante da programación de Nadal e Reis por parte do Concello de Monterrei. As Súas Maxestades de Oriente repartiron agasallos entre todos os nenos e nenas, adaptados ás idades de cada quen. Tamén aceptaron a invitación que lles fixo o alcalde, José Luis Suárez, para voltar o ano que ven. Na Casa da Cultura de Albarellos entregáronse os premios dos concursos organizados polo Concello. No de postais, a Candela Castro, Martiño Fernández e Marcos Ferreiro; e no de beléns, á Oficina de Turismo do Castelo de Monterrei, José Feijóo (Bar Veloux) e Pedro Marquina.

